Como os animais combaten o frío do inverno?

Lee o seguinte texto.

Cando chega o inverno e as temperaturas baixan, moitos animais vense na necesidade de buscar a maneira de combater o frío e sobrevivir ata que as temperaturas volvas a subir.

Unha maneira de facelo é **hibernando**.

A hibernación é un estado de adormecemento en que entran algúns animais os meses máis frío do ano. O seu corpo reduce ao mínimo a enerxía que precisa para manterse vivo. Por exemplo, os leiróns, os osos, as tartarugas, os morcegos e as ras hibernan e permanecen durmidos todo o inverno.

Outro xeito distinto de pasar as épocas de máis frío é a **migración**.

Para combater o frío, outros animais migran. Isto quere dicir, que percorren longas distancias para localizar lugares cun clima máis cálido. Cegoñas, antílopes, baleas, andoriñas ou gansos son algúns exemplos de animais migratorios.

Aínda segue sendo un misterio como se orientan os animais durante a migración. Numerosos insectos, peces e aves usan o sol como compás mantendo a mesma dirección. Crese que tamén usan as estrelas para orientarse e tanto aves como abellas usan o campo magnético da Terra. No caso do salmón, é capaz de recoñecer o cheiro do río onde naceu e igualmente, os mamíferos poden seguir rastros olorosos.

Un exemplo de animal migratorio é a bolboreta monarca. Estes animais percorren máis de 8000 quilómetros entre novembro e marzo, viaxando de Canadá a México. Poden levar a cabo unha viaxe tan longa porque o seu ciclo de vida é doce veces máis logo que o resto das bolboretas. Sen embargo, é unha especie en perigo, xa que nos derradeiros 20 anos, o número de bolboretas monarca descendeu un 90%.

Explica o que significan estas palabras.

Migrar:.....

Hibernar:.....

Elixe as respostas ás seguintes preguntas segundo a información que aparece no texto:

En que estación do ano certos animais comezan a hibernación?.....

Para que percorren longas distancias os animais que migran?.....

Como se lle chama a un animal que migra?.....

En que mes comeza a súa migración a bolboreta monarca?.....

De onde parte e a onde chega a súa migración?.....

Como se cree que se orientan os peces e as aves para migrar?.....

Que peixe usa o seu sentido do olfacto para recoñecer o río no que naceu?.....

LIVEWORKSHEETS

Arrastra os nomes dos animais que aparecen no texto na caixiña que lles corresponda

Animais migratorios	Animais que hibernan

Leiróns antílopes ras cegoñas baleas tartarugas andoriñas

bolboreta monarca osos salmón gansos morcegos

O ciclo da vida da bolboreta monarca é 12 veces máis longo que ao do resto das bolboretas, sen embargo a súa transformación de eiruga a bolboreta é igual ca das demais. Simplemente, ten máis tempo de vida na súa fase de bolboreta e por iso pode facer unha viaxe tan longa. Mira o seguinte vídeo para descubrir máis cousas acerca das bolboretas.

PREME AQUÍ PARA VER O VÍDEO

Fíxate no esquema e numera as fases do ciclo da vida da bolboreta monarca.



bolboreta ovos casulo eiruga

LIVEWORKSHEETS

Completa cas palabras do recadro.

eiruga	casulo	ovos	metamorfose
ovíparas	animais	ras	

As bolboretas se reproducen por _____. Iso quere dicir que son_____.

A _____ se converte en bolboreta dentro do _____.

Este proceso chámase _____.

Outros _____ tamén pasan pola metamorfose. Por exemplo, as _____.

LIVEWORKSHEETS